

INFORMACIÓN ACADÉMICA

O Plan Educativo de Ensinanzas Musicais [PEEM] da Escola Municipal de Música Magariños para o curso 2020/2021 ven recollida baixos as directrices da Orde do 11 de Marzo de 1993 que regula a creación e funcionamento das Escolas de Música e Danza na Comunidade Autónoma de Galicia.

PEX | Plan Educativo Xeral

O PEEM contempla catro niveis formativos diferenciados e outros niveis formativos paralelos ao sistema educativo dentro do Plan Educativo Xeral (PEX). Establécese unha progresión de obxectivos entre os distintos niveis académicos, materias, tempos lectivos, etc.

Nivel I | Nivel Básico

É un acercamento á música, natural e progresivo, desenvolvéndose no marco da infancia. Etapa denominada “espertar dos sentidos”, comezase a traballar nos nenos de forma intuitiva e fantasiosa todas aquelas facultades que intervirán máis tarde nas súas aprendizaxes artísticas e musicais: oído, voz, psicomotricidade, memoria musical, interpretación, etc.

Nivel II | Nivel Inicial

Nesta etapa o alumno desenrola enormemente as súas capacidades tanto físicas coma intelectuais. Iso permitirá un desenvolvemento de tódolos ámbitos, e, consecuentemente, nas súas destrezas musicais. Así, neste segundo nivel formativo caracterízase polo progreso das facultades musicais que comezaron a espertar na etapa anterior, á vez que aumentan as capacidades expresivas e se afonda no coñecemento da música e dos elementos da súa linguaxe. Pódese dicir polo tanto que o Nivel II, é a progresión lóxica á cal conduce o Nivel I.

Nivel III | Nivel Perfeccionamento

O alumnado que conclúa a etapa anterior, Nivel II, consolidou xa a base dunha formación que lle permite agora afondar nas súas destrezas musicais. Desta forma, a medida que se vaia avanzando nesta nova etapa, experimentará retos artísticos cada vez máis complexos, pero tamén máis emocionantes, e todo elo suporá unha fonte de enriquecemento persoal e de ampliación de recursos que o encamiñarán progresivamente cara certa autonomía artística cando remata o Nivel III.

Nivel IV | Nivel Experto

O Nivel IV ou Nivel Experto proporciona unha completa formación práctica, teórica e metodolóxica a través das materias escollidas no itinerario académico garantindo á óptima cualificación profesional nos ámbitos relativos á creación ou a interpretación musical.

PEA | Plan Educativo Adultos

O Plan Educativo de Adultos (PEA), é un plan paralelo ó Plan Educativo Xeral (PEX). Diferenciase unicamente na idade de comezo dos estudos musicais. Mentres que no PEX está destinado para alumnos que comezan aos 3 anos de idade, no PEA os alumnos comezan a súa actividade musical a partir dos 16 anos. Desta forma inténtase abarcar todos os segmentos de idade sen ningún tipo de discriminación, e, que a formación musical, chegue a tódolos veciños de Brión que sentan algún tipo de inqueda pola aprendizaxe dun instrumento musical. O PEA contempla tres niveis académicos: Nivel I (Nivel Inicial), Nivel II (Nivel Perfeccionamento) e Nivel III (Nivel Experto).

Outros Ámbitos Educativos

Outros niveis educativos dentro da Escola Municipal de Música Magariños, son os Cursos de Acceso, Cursos de Reforzamento e os Cursos de Mantemento.

- **Cursos de Acceso:** para acceder ao Plan Educativo de Ensinanzas Musicais. A partir dos 9 anos.
- **Cursos de Reforzamento:** para acceder ao sistema regrado dos Conservatorios.
- **Cursos de Mantemento:** alumnos que rematen o Nivel IV (PEX) ou Nivel III (PEA) e queren seguir perfeccionando a súa técnica no instrumento musical.

PEEM
PEX | Plan Educativo Xeral
 Curso 2020/2021

		PEX PLAN EDUCATIVO XERAL				
		IDADE	CURSO	ITINERARIO CLÁSICO	ITINERARIO MODERNO	ITINERARIO TRADICIONAL E FOLK
				MATERIAS		
PEX NIVEL I Nivel Inicial	CICLO 1	3 anos	1º	Pre-Iniciación Musical		
	CICLO 2	4 anos	2º	Música e Movemento e Orquestra Infantil		
		5 anos	3º			
	CICLO 3	6 anos	4º	Música e Movemento e Orquestra Orff		
		7 anos	5º			
PEX NIVEL II Nivel Básico	CICLO 1	8 anos	1º	Linguaxe Musical Conxunto Coral Instrumento Banda de Música Magariños Ensamble de Clarinetes Ensamble de Saxofóns Orquestra de Frautas Orquestra de Guitarras Agrupación de percusión Brass Band Música de Cámara	Linguaxe Musical Conxunto Coral Instrumento Combo	Linguaxe Musical Conxunto Coral Instrumento Agrupación Folk
		9 anos	2º			
	CICLO 2	10 anos	3º			
		11 anos	4º			
	CICLO 3	12 anos	5º			
		13 anos	6º			
	PEX NIVEL III Nivel Perfeccionamento	CICLO 1	14 anos			
15 anos			2º			
16 anos			3º			
CICLO 2		17 anos	4º			
		PEX NIVEL IV Nivel Experto	CICLO 1	18 anos	1º	Conxunto Coral Técnica Vogal/Seccional coral Instrumento Combo
19 anos	2º					
20 anos	3º					
CICLO 2	21 anos	4º				

PEEM
PEA | Plan Educativo Adultos
Curso 2020/2021

PEA PLAN EDUCATIVO ADULTOS					
		CURSO	ITINERARIO CLÁSICO	ITINERARIO MODERNO	ITINERARIO TRADICIONAL
			MATERIAS		
PEX NIVEL I Nivel Básico	CICLO 1	1º	Linguaxe Musical	Linguaxe Musical	Linguaxe Musical
		2º	Conxunto Coral	Conxunto Coral	Conxunto Coral II
	CICLO 2	3º	Técnica vogal/Seccional coral	Técnica vogal/Seccional coral	Técnica vogal/Seccional coral
		4º	Instrumento	Instrumento	Instrumento
	CICLO 3	5º	Banda de Música	Combo	Agrupación Folk
		6º	Ensamble de Clarinetes Ensamble de Saxofóns Orquestra de Fautas Orquestra de Guitarras Agrupación de percusión Brass Band Música de Cámara		
PEX NIVEL II Nivel Perfeccionamento	CICLO 1	1º	Conxunto Coral	Conxunto Coral	Conxunto Coral
		2º	Técnica vogal/Seccional coral	Técnica vogal/Seccional coral	Técnica vogal/Seccional coral
	CICLO 2	3º	Instrumento	Instrumento	Instrumento
		4º	Banda de Música Ensamble de Clarinetes Ensamble de Saxofóns Orquestra de Fautas Orquestra de Guitarras Agrupación de percusión Brass Band Música de Cámara	Combo	Agrupación Folk
PEX NIVEL III Nivel Experto	CICLO 1	1º	Conxunto Coral	Conxunto Coral	Conxunto Coral II
		2º	Técnica vogal/Seccional coral	Técnica vogal/Seccional coral	Técnica vogal/Seccional coral
	CICLO 2	3º	Instrumento	Instrumento	Instrumento
		4º	Banda de Música Ensamble de Clarinetes Ensamble de Saxofóns Orquestra de Fautas Orquestra de Guitarras Agrupación de percusión Brass Band Música de Cámara	Combo	Agrupación Folk

Itinerarios Educativos

A Escola Municipal de Música Magariños contempla unha formación técnica e creativa cunha clara vertente disciplinar e versátil o que favorece a flexibilidade aos alumnos que inician estudos no centro. A Escola Municipal de Música ten os seguintes itinerarios en función da especialidade instrumental escollida: Clásico, Moderno e Tradicional e Folk.

Música e Movemento

Segundo unha pedagogía musical especializada se distribúe en tres ciclos tendo a seguinte estrutura académica:

Ciclo 1. Alumnos de 3 anos (nados no ano 2017).

Ciclo 2. Alumnos de 4 e 5 anos (nados nos anos 2016 e 2015).

Ciclo 3. Alumnos de 6 e 7 anos (nados nos anos 2014 e 2013).

Práctica Instrumental

Os estudos instrumentais comezan aos 8 anos e se realizan de forma paralela á *Formación Complementaria*. A oferta de especialidades instrumentais son:

ITINERARIO CLÁSICO	ITINERARIO MODERNO	ITINERARIO TRADICIONAL E FOLK
1. Piano 2. Trompeta/Fliscorno 3. Trombón 4. Trompa 5. Tuba/Bombardino 6. Guitarra 7. Clarinete 8. Saxofón 9. Fruta Travesa 10. Percusión 11. Canto	1. Piano 2. Trompeta 3. Saxofón 4. Batería 5. Canto 6. Guitarra	1. Gaita 2. Percusión 3. Canto

Formación Complementaria

A formación complementaria igual que a práctica instrumental comeza aos 8 anos.

PEX NIVEL II, III e IV	PEA NIVEL I, II e III
1. Linguaxe Musical 2. Harmonía	1. Linguaxe Musical

Agrupacións Instrumentais e Vogais

Ademais da práctica instrumental e complementaria, o PEEM, ofrece ao alumnado o traballo en distintas agrupacións instrumentais e vogais:

ITINERARIO CLÁSICO	ITINERARIO MODERNO	ITINERARIO TRADICIONAL E FOLK
1. Conxunto Coral I 2. Conxunto Coral II 3. Conxunto Coral III 4. Banda de Música Magariños 5. Orquestra de Guitarras 6. Orquestra de Frutas 7. Ensamble de Saxofóns 8. Ensamble de Clarinetes 9. Brass Band 10. Agrupación de percusión 11. Orquestra Infantil 12. Orquestra Orff 13. Música de cámara	1. Conxunto Coral I 2. Conxunto Coral II 3. Conxunto Coral II 4. Combo Infantil 5. Combo Junior 6. Combo Amateur 7. Orquestra Infantil 8. Orquestra Orff	1. Conxunto Coral I 2. Conxunto Coral II 3. Conxunto Coral III 4. Agrupación Folk 5. Orquestra Infantil 6. Orquestra Orff

